

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de profesor/a de conservatorio, harmonía e piano complementario (OEP-E 2022)estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000034

Mediante Decreto 708/2023, do 04 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de profesor/a de conservatorio, especialidade harmonía e piano complementario, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de profesor/a do conservatorio, especialidade harmonía e piano complementario, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 4 OU EQUIVALENTE | OBSERVACIÓNS (Non excluíntes) |
|----|---------------------------|-----------|------------------------|--|
| 1 | Rodríguez Corral, Olalla | ***9864** | Sí | |
| 2 | Vázquez García, Alejandro | ***0616** | Sí | - Non aporta informe de vida laboral actualizado |

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados, indicados no apartado de “Observacións” e que non se xuntou coa solicitude, da persoa aspirante admitida, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación deberá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 04 de abril de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños